

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DÍA 24 DE MARZO DE 2023

SEÑORES/A ASISTENTES:

ALCALDE:

Don Rubén P. Quintá Quintá

CONCELLEIROS/A:

Don Pablo Sobrado Vázquez

Don José Manuel Fernández Otero

Dona María D. Simón Valladares

SECRETARIO:

Don José María Novo Ramos

Na Casa do Concello de Rodeiro, a vinte e catro de marzo de dous mil vinte e tres, reunidos en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as que á marxe se citan, baixo a presidencia do Sr. alcalde-presidente Don Rubén P. Quintá Quintá, asistido do secretario da Corporación que subscribe, tivo lugar a sesión extraordinaria da Xunta de Goberno Local, ao efecto convocada, e sendo as

oito horas trinta minutos deuse inicio á mesma, pasándose ao estudo dos asuntos incluídos na Orde do Día, e adoptándose os seguintes ACORDOS:

1.- ACTA ANTERIOR

Dada conta do borrador da acta da sesión extraordinaria do día 16 de marzo de 2023, foi aprobado por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as presentes.

2.- LICENZA DE OBRAS

- María Cruz González Lois

ANTECEDENTES

1. Dona Sonia Rodríguez Gómez, na representación que ostenta no presente expediente de Dona MARÍA CRUZ GONZÁLEZ LOIS, con DNI núm. [REDACTED] e con domicilio en Pontevedra, solicita con data 17 de novembro de 2022 (RE-E núm. 572) licenza municipal para REFORMA ESTRUCTURAL E

APERTURA DE OCOS EN EDIFICACIÓN TRADICIONAL, con emprazamento no lugar de Barregallos, parroquia de Carboentes.

2. Achéganse proxecto técnico básico e de execución (visado colexial núm. ██████████, do 16/11/22), modificado do proxecto (visado colexial núm. ██████████, do 09/02/23), e anexo de data 09/03/23, redactados pola arquitecta Dona Sonia Rodríguez Gómez.
3. O prazo de inicio das obras non poderá exceder de seis (6) meses e o de execución das obras, non poderá exceder de tres (3) anos.
4. Constan no expediente os correspondentes informes xurídico e técnico emitido polo arquitecto técnico municipal Don Gerardo Abeledo Iglesias.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

1. A intervención municipal ten o seu fundamento na competencia que lle confire o artigo 25.2 a) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL), así como os artigos 5 e 8 do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais.
2. A actividade solicitada atópase entre as sometidas a licenza municipal previa conforme ao previsto nos artigos 142.2 a) da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG) e artigo 351 do Regulamento da Lei do Solo de Galicia (RLSG).
3. As obras proxectadas sitúanse en terreos clasificados como “solo de núcleo rural” polo PXOM en vigor.
4. Solicítase licenza para a adecuación estrutural do forxado existente nunha edificación de uso residencial de vivenda, xa que o actual forxado atópase en estado de deterioro. Coa actuación proxectada preténdese dotar á edificación de seguridade construtiva garantindo a súa estabilidade e resistencia mecánica para o uso existente. Ademais proxéctase a apertura de ocós aproveitando a intervención sobre o forxado existente.
5. As obras proxectadas non producen variacións nas características esenciais, no volume nin na tipoloxía orixinaria da

- edificación. Os ocós proxectados manteñen a proporcionalidade dos existentes na edificación.
6. Resulta de aplicación a Disposición Transitoria primeira da LSG, na que se establece que ao solo rústico dos municipios con planeamento aprobado definitivamente con anterioridade a entrada en vigor da LSG e adaptado á Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, aplicaráselles o disposto na LSG para o solo rústico, mantendo, en todo caso, a vixencia das categorías de solo contidas no planeamento respectivo.
 7. As obras proxectadas solicítanse ao amparo da excepción do cumprimento dos parámetros urbanísticos aplicables, agás o límite de altura, establecida polo artigo 40 da LSG e o artigo 63 do RLSG.
 8. A referencia catastral do inmovible é 000600500NH81H0001UI.
 9. O orzamento de execución material das obras ascende á cantidade de DEZ MIL DOUSCENTOS CATRO EUROS CON OITENTA E NOVE CÉNTIMOS (10.204,89 €).
 10. Seguiuse a tramitación prevista nos artigos 9 e seguintes do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais, por remisión do artigo 143.2 LSG.
 11. O carácter regrado da licenza establecido pola doutrina e xurisprudencia determina que o Concello ven obrigado a conceder licenza urbanística se conforme a normativa aplicable é posible levar a cabo a actuación urbanística solicitada.
 12. Deberá liquidarse o Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras, segundo ordenanza en vigor publicada no BOP núm. 248, do 29 de decembro de 1999, e a Taxa por licenzas urbanísticas, segundo ordenanza en vigor publicada no BOP do día 27 de decembro de 1989.
 13. O órgano competente é a Xunta de Goberno Local, por delegación do alcalde (Resolución do 9 de marzo de 2021).

Xa que logo, visto o anterior e de conformidade cos informes técnicos que obran no expediente, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- CONCEDER a Dona MARÍA CRUZ GONZÁLEZ LOIS licenza municipal para REFORMA ESTRUCTURAL E APERTURA DE OCOS

EN EDIFICACIÓN TRADICIONAL, con emprazamento no lugar de Barregallos, parroquia de Carboentes, con estrita suxeición ao proxecto técnico básico e de execución (visado colexial núm. [REDACTED], do 16/11/22), modificado do proxecto (visado colexial núm. [REDACTED], do 09/02/23), e anexo de data 09/03/23, redactados pola arquitecta Dona Sonia Rodríguez Gómez, coas condicións especiais seguintes:

- a) Esta concesión outórgase salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiro e terán que cumprirse, de ser o caso, as condicións fixadas polos organismos con competencias sectoriais.
- b) Os prazos de inicio e execución comezarán a computarse dende a data seguinte ao recibo da notificación do presente acordo. Se as obras non se iniciasen ou se executasen durante os prazos establecido ou ben, se interrompan por tempo superior a seis meses, procederase a declarar a caducidade da licenza, previa audiencia ao interesado. Non obstante, poderá solicitarse prórroga dos referidos prazos previa solicitude expresa formulada polo interesado e condicionada ao cumprimento das condicións establecidas no artigo 145.2 da LSG e artigo 359 do RLSG.

SEGUNDO.- Aprobar a liquidación do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras pola cantidade de DOUSCENTOS CATRO EUROS CON NOVE CÉNTIMOS (204,09 €).

TERCEIRO.- Aprobar a liquidación da Taxa por licenzas urbanísticas pola cantidade de CINCUENTA E UN EUROS CON DOUS CÉNTIMOS (51,02 €).

3.- COMUNICACIÓN PREVIA DE INICIO DE ACTIVIDADE

— Ovos Camperos Cristimil S.C.

Consta nas dependencias municipais comunicación previa de inicio de actividade, presentada con data 29 de decembro de 2021 (RE núm. 2262), coas seguintes características:

DATOS DA SOLICITANTE

| | |
|---------------------|------------------------------|
| DENOMINACIÓN SOCIAL | OVOS CAMPEROS CRISTIMIL S.C. |
| CIF | [REDACTED] |

| | |
|------------------|----------------------|
| DOMICILIO SOCIAL | VILA DE CRUCES |
| REPRESENTANTE | IVÁN VARELA PEREIRAS |
| DNI | ██████████ |

DATOS DA ACTIVIDADE

| | |
|------------------------------|---|
| ACTIVIDADE | GRANXA DE GALIÑAS POÑEDORAS CAMPEIRAS |
| REFERENCIA CATASTRAL PARCELA | 36047A003003320000PA |
| LUGAR | VILARAVIDE |
| PARROQUIA | SAN CRISTOVO AZ |
| LICENZA URBANÍSTICA | SI (ACORDOS XGL DO 02/10/19 E 08/11/19) |
| TRÁMITE AMBIENTAL | SI (DECLARACIÓN DE INCIDENCIA AMBIENTAL DE DATA 11/09/18 – EXPTE. NÚM. PO/2018/087) |
| REGA | ██████████ |
| CAPACIDADE MÁXIMA AUTORIZADA | 13.312 GALIÑAS |

Consta asemade no expediente, entre outras, a seguinte documentación preceptiva:

- Certificación final de obra e anexos asinados polo arquitecto técnico Don José Luís Díaz González en data 28/12/22 (visado colexial núm. ██████████).
- Acta de comprobación favorable de data 22/03/22.

Debidamente informados de canto antecede e de conformidade co previsto na Lei 9/2013, do 19 de decembro, de emprendemento e da competitividade económica de Galicia (LECG) e no Decreto 144/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento único de regulación integrada de actividades económicas e apertura de establecementos (RIAE), a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Declarar a eficacia da comunicación previa presentada cos datos anteriormente consignados, de conformidade co establecido no artigo 24.2 da LECG e no artigo 15.1 do RIAE.

Segundo.- Dita comunicación previa constitúe título habilitante para o inicio da actividade e a apertura do establecemento, e faculta ao Concello para verificar a conformidade dos datos que se conteñen nela.

Terceiro.- O Concello poderá exercer en calquera momento as facultades de inspección da instalación ao obxecto de velar polo cumprimento dos requisitos aplicables segundo a lexislación de aplicación, de conformidade co previsto no artigo 82 e seguintes do RIAE.

Cuarto.- O incumprimento sobrevido das condicións da comunicación previa ou dos requisitos legais da actividade será causa da ineficacia da comunicación previa e habilitarán ao Concello para a súa declaración logo de audiencia do interesado.

Quinto.- Advírtese expresamente que a inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, en calquera dato, manifestación ou documento que se achega ou incorpora á comunicación previa comporta, logo de audiencia da persoa interesada, a declaración de ineficacia da comunicación efectuada e impide o exercicio do dereito ou da actividade afectada desde o momento que se coñece, sen prexuízo das sancións que proceda impoñer por tales feitos.

Sexto.- Dar traslado do presente acordo ao Servizo de Gandaría da Consellería do Medio Rural en Pontevedra para a súa constancia e aos efectos oportunos.

4.- ADXUDICACIÓN DA OBRA DE “PAVIMENTACIÓN E REFORZO DE FIRMES EN CAMIÑOS E ALDEAS DAS PARROQUIAS DE GUILLAR, RIOBÓ, CAMBA, NEGRELOS E SANTA BAIA DE CAMBA”, INCLUÍDA NO PLAN CONCELLOS 2022 (EXPEDIENTE NÚM. PAS-O 4/2022)

ANTECEDENTES

1º.- A Mesa de Contratación da obra de “PAVIMENTACIÓN E REFORZO DE FIRMES EN CAMIÑOS E ALDEAS DAS PARROQUIAS DE GUILLAR, RIOBÓ, CAMBA, NEGRELOS E SANTA BAIA DE CAMBA”, incluída no Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2022, na reunión celebrada o día 17 de marzo de 2023, realizou por unanimidade proposta de adxudicación da licitación ao favor do único licitador presentado, unha vez admitida e avaliada a súa proposta, en aplicación dos criterios de adxudicación establecidos no prego de cláusulas administrativas particulares, co seguinte resultado:

A/ Criterios avaliados automaticamente (ata 75 puntos)

| LICITADOR | CIF | PREZO | PUNTOS | GARANTÍA | PUNTOS | MELLORAS | PUNTOS | PUNTUACIÓN TOTAL |
|---|--------|--------------|--------|----------|--------|----------|--------|------------------|
| CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA RAMOS S.L.U. | ██████ | 293.015,37 € | 35 | 4 ANOS | 10 | TODAS | 30 | 75,00 |

B/ Criterios cuantificables por xuízo de valor (ata 25 puntos)

(Informe da técnica designada Dona Ana María García Mayo, asinado en data 10/03/23)

| LICITADOR | CIF | SUBCRITERIO -1 | SUBCRITERIO -2 | SUBCRITERIO -3 | SUBCRITERIO -4 | SUBCRITERIO -5 | SUBCRITERIO -6 | PUNTUACIÓN TOTAL |
|---|--------|----------------|----------------|----------------|----------------|----------------|----------------|------------------|
| CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA RAMOS S.L.U. | ██████ | 6,75 | 2,75 | 2,25 | 1,90 | 3,00 | 2,60 | 19,25 |

C/ Resume da puntuación

| LICITADOR | CIF | CRITERIOS AUTOMÁTICOS | CRITERIOS XUIZO VALOR | PUNTUACIÓN TOTAL |
|---|--------|-----------------------|-----------------------|------------------|
| CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA RAMOS S.L.U. | ██████ | 75,00 | 19,25 | 94,25 |

2º.- A Mesa propón ao órgano de contratación, por unanimidade, a adxudicación da obra a favor do licitador Construcciones y Obras Taboada Ramos S.L.U., único licitador admitido no presente procedemento e coa puntuación acadada na valoración dos criterios de adxudicación establecidos no prego.

3º.- O licitador proposto foi requirido para a presentación da documentación preceptiva establecido na cláusula 18ª.1 do prego (RS-E núm. 99, do 17/03/22).

4º.- Con data 23 de marzo do corrente (RE-E núm. 179) dita sociedade presenta no Concello a seguinte documentación:

- ✓ Designación dunha dirección electrónica habilitada para as notificacións.
- ✓ Garantía definitiva por importe de 12.108,07 €, mediante seguro de caución da entidade ASEFA S.A. SEGUROS Y REASEGUROS, estendido con data 23/03/23 (certificado de seguro núm. ████████████████████).

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- O artigo 150.3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público (LCSP) dispón literalmente: “O órgano de contratación adxudicará o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación (...)”.

Segundo.- O artigo 151 do mesmo texto legal dispón que a resolución de adxudicación deberá ser motivada e notificarase aos candidatos e licitadores, debendo ser publicada no perfil do contratante no prazo de quince días.

Debidamente informados de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes e de conformidade co establecido na cláusula 22ª do prego de cláusulas administrativas particulares, adopta o seguinte:

ACORDO

Primeiro.- Adxudicar o contrato para a execución da obra denominada “PAVIMENTACIÓN E REFORZO DE FIRMES EN CAMIÑOS E ALDEAS DAS PARROQUIAS DE GUILLAR, RIOBÓ, CAMBA, NEGRELOS E SANTA BAIA DE CAMBA” a favor do seguinte licitador:

LICITADOR: CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA RAMOS
S.L.U.

CIF [REDACTED]

INSCRICIÓN NO RXC DE GALICIA: [REDACTED]

INSCRICIÓN NO ROLECE: SI

IMPORTE DA AXDUDICACIÓN SEN IVE: 242.161,46 €

IVE: 50.853,91 €

IMPORTE DA ADXUDICACIÓN CON IVE: Douscentos noventa e tres mil quince euros con trinta e sete céntimos (293.015,37 €)

MOTIVACIÓN DA ADXUDICACIÓN: Única proposición admitida.

Segundo.- Notificar o presente acordo ao adxudicatario e publicalo non perfil do contratante do Concello.

Terceiro.- A formalización do contrato deberá efectuarse non máis tarde dos quince días hábiles seguintes á notificación do presente acordo ao adxudicatario.

Cuarto.- Designar ao enxeñeiro de camiños, canais e portos Don Pablo Blanco Ferreiro como director facultativo da obra, e a Dona María Elena

Somoza Calviño como coordinadora en materia de seguridade e saúde durante a súa execución.

5.- ADXUDICACIÓN DE SUBVENCIONS PARA ACTIVIDADES CULTURAIS REALIZADAS NO ANO 2022

ANTECEDENTES

1. Por Resolución da Alcaldía de data 12 de decembro de 2022 aprobáronse a convocatoria e as bases específicas para a concesión de subvencións para actividades culturais desenvolvidas no ano 2022.
2. Dita convocatoria e bases foron publicadas no taboleiro de anuncios do Concello, na web municipal, e no Boletín Oficial da Provincia núm. 239, correspondente ao día 16 de decembro de 2022.
3. Durante o prazo de presentación de solicitudes, achegáronse ao Rexistro municipal as seguintes instancias:

| ASOCIACIÓN | CIF | ACTIVIDADE | DATA | NÚM. REXISTRO |
|--------------------------------|--------|--------------------------------|----------|---------------|
| ASOCIACIÓN SAN XOÁN DE CAMBA | ██████ | Torresmada de San Xoán | 21/01/23 | E – 43 |
| ASOCIACIÓN CULTURAL OS ARANDOS | ██████ | Obradoiro de gaita e percusión | 21/01/23 | E – 44 |
| ASOCIACIÓN O FALAR DAS PEDRAS | ██████ | Rodeiría de outono | 23/01/23 | E – 49 |
| ASOCIACIÓN O FALAR DAS PEDRAS | ██████ | Musicoterapia xerontolóxica | 23/01/23 | E – 48 |
| ASOCIACIÓN EMECLA | ██████ | Sardiñada de San Xoán | 25/01/23 | E – 63 |
| ASOCIACIÓN EMECLA | ██████ | Sendeirismo | 25/01/23 | E – 63 |
| ASOCIACIÓN EMECLA | ██████ | Camiño de Santiago | 25/01/23 | E – 63 |
| ASOCIACIÓN EMECLA | ██████ | Visita cultural a Ribadavia | 25/01/23 | E – 63 |
| ASOCIACIÓN EMECLA | ██████ | Magosto | 25/01/23 | E – 63 |

4. Observados erros na documentación presentada polas asociacións, requíriuselles a emenda dos mesmos. Ditos requirimentos foron cumprimentados polas solicitantes.

Debidamente informados de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, actuando como comisión cualificadora e en atención aos criterios establecidos na base cuarta da convocatoria, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Admitir as solicitudes presentadas ao cumprir cos requisitos das bases e da convocatoria.

Segundo.- Conceder subvencións para actividades culturais desenvolvidas no ano 2022 ás seguintes asociacións polas contías que deseguido se especifican:

| ASOCIACIÓN | CIF | ACTIVIDADE | CANTIDADE XUSTIFICADA | SUBVENCIÓN CONCEDIDA |
|--------------------------------|--------|--------------------------------|-----------------------|----------------------|
| ASOCIACIÓN SAN XOÁN DE CAMBA | ██████ | Torresmada de San Xoán | 2.100,10 € | 1.680,00 € |
| ASOCIACIÓN CULTURAL OS ARANDOS | ██████ | Obradoiro de gaita e percusión | 950,00 € | 760,00 € |
| ASOCIACIÓN O FALAR DAS PEDRAS | ██████ | Rodeiría de outono | 3.165,10 € | 2.532,08 € |
| ASOCIACIÓN O FALAR DAS PEDRAS | ██████ | Musicoterapia xerontolóxica | 163,35 € | 130,68 € |
| ASOCIACIÓN EMECLA | ██████ | Sardiñada de San Xoán | 383,43 € | 306,74 € |
| ASOCIACIÓN EMECLA | ██████ | Sendeirismo | 430,00 € | 344,00 € |
| ASOCIACIÓN EMECLA | ██████ | Camiño de Santiago | 1.951,00 € | 1.560,80 € |
| ASOCIACIÓN EMECLA | ██████ | Visita cultural a Ribadavia | 350,00 € | 280,00 € |
| ASOCIACIÓN EMECLA | ██████ | Magosto | 346,09 € | 276,87 € |

6.- CONCESIÓN DE PRIMEIRA PRÓRROGA NO PRAZO DE EXECUCIÓN DE OBRA INCLUÍDA NO PROGRAMA REACPON E NO PLAN CONCELLOS 2022

ANTECEDENTES

1º.- Con data 4 de outubro de 2022 a Xunta de Goberno Local adxudicou á sociedade VILARIÑO ESP S.L. o contrato de obras para a execución do investimento denominado “*HUMANIZACIÓN E MELLORA PEONIL DA RÚA AVIADOR GUMERSINDO AREÁN*”, incluído no Programa REACPON e no Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2022.

2º.- A preceptiva acta de comprobación do reformulo asinouse o día 29 de novembro de 2022, fixándose o prazo de execución da obra adxudicada en catro (4) meses, contados a partires do día seguinte da sinatura de dito documento.

3º.- En data 15 de marzo do corrente (RE-E núm. 167), Don Diego Vilariño Penas, na representación da sociedade adxudicataria, solicita unha ampliación do prazo de execución da obra polos motivos que especifican no escrito de solicitude.

4º.- A dirección facultativa das obras emite, con data 20/03/23, informe favorable á prórroga solicitada.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- O artigo 193 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público (LCSP), dispón literalmente: *“O contratista está obrigado a cumprir o contrato dentro do prazo total fixado para a realización do mesmo, así como dos prazos parciais sinalados para a súa execución sucesiva”*.

Segundo.- O artigo 195.2 do citado texto legal establece que se o retraso fose producido por motivos non imputables ao contratista e este ofrecera cumprir os seus compromisos ampliando o prazo inicial de execución, o órgano de contratación concederallo dándoselle un prazo que será, polo menos, igual ao tempo perdido, a non ser que o contratista pedise outro menor.

Debidamente informados de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte:

ACORDO

Conceder á sociedade adxudicataria VILARIÑO ESP S.L.U. unha primeira prórroga, ata o día 21 de abril de 2023, no prazo de execución da obra denominada *“HUMANIZACIÓN E MELLORA PEONIL DA RÚA AVIADOR GUMERSINDO AREÁN”*.

7.- INICIO DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA OBRA DE “CONSTRUCCIÓN DUN EDIFICIO POLIVALENTE DE USO ASISTENCIAL – FASE IV”

O Sr. alcalde informa aos/ás Sres./as concelleiros/as asistentes que, en data 20 de febreiro do corrente, a Xunta de Goberno Local aprobou o proxecto básico e de execución da obra de *“CONSTRUCCIÓN DUN EDIFICIO POLIVALENTE DE USO ASISTENCIAL – FASE IV”*, redactado polos arquitectos Don Daniel López Ben e Don Pablo Noya Suárez (López y Nova Arquitectura y Urbanismo SLP), con data decembro de 2022, cun importe global de execución por contrata de DOUSCENTOS MIL EUROS (200.000,00 €), IVE incluído.

A Xunta de Goberno da Deputación Provincial, por acordo de data 17/03/23, concedeu unha subvención por importe de 200.000,00 € para o financiamento do dito investimento, con cargo á Liña 1 do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2023 (expediente núm ██████████).

Xa que logo, dispoñendo xa do financiamento necesario para a realización da obra, cómpre proceder ao inicio do correspondente expediente de contratación, segundo a normativa establecida na lexislación de contratos das Administracións Públicas.

A motivación del presente contrato vén fundamentada nas competencias propias que ostenta o Concello en materia de *“atención inmediata a persoas en situación ou risco de exclusión social”*, establecidas na letra e) do artigo 25.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de Réxime Local (LRBRL), e da necesidade de cumprir coa finalidade da subvención concedida.

Debidamente informados de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes e de conformidade co establecido no artigo 116 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público (LCSP), adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Iniciar o correspondente expediente de contratación da obra de *“CONSTRUCCIÓN DUN EDIFICIO POLIVALENTE DE USO ASISTENCIAL – FASE IV”*, de conformidade co proxecto técnico aprobado, para a súa posterior aprobación por este órgano, incorporando ao mesmo os documentos legalmente esixibles.

Segundo.- Determinar o procedemento de adxudicación como aberto ordinario, de conformidade co previsto nos artigos 156 e seguintes da LCSP, con varios criterios de adxudicación.

8.- SOLICITUDE DE AXUDA Á CONSELLERÍA DE PROMOCIÓN DO EMPREGO E IGUALDADE PARA O FOMENTO DO EMPREGO E MELLORA DA EMPREGABILIDADE NO ÁMBITO DE COLABORACIÓN COAS ENTIDADES LOCAIS

O Sr. alcalde informa á Xunta de Goberno Local da Orde do 13 de marzo de 2023 da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, pola que se establecen as bases que regulan as subvencións para o fomento do

emprego e mellora da empregabilidade no ámbito de colaboración coas entidades locais e se procede á súa convocatoria para o exercicio do ano 2023 (DOG núm. 56, do 21/03/23), e a conveniencia de solicitar as devanditas axudas para a contratación de dous/dúas traballadores/as (socorristas para a piscina municipal), para o desenvolvemento do proxecto de obra e servizo que deseguido se relaciona.

Debidamente informados de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Aprobar o seguinte proxecto de obra e servizo:

| DENOMINACIÓN | NÚM. TRABALLADORES/AS | XORNADA | DURACIÓN |
|-------------------------------------|--------------------------|---------|----------|
| Programa de socorrismo e salvamento | 2 | 100 % | 3 meses |

Segundo.- Solicitar á Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade unha subvención para a contratación de traballadores/as desempregados/as na realización da mencionada obra e servizo.

Terceiro.- Comprometerse a facer fronte aos gastos non subvencionados con cargo os orzamentos municipais, no suposto de ser beneficiario da subvención solicitada.

Cuarto.- Para as retribucións dos/as traballadores/as a contratar ao abeiro da presente orde será de aplicación o seguinte convenio colectivo: IV Convenio colectivo de instalacións deportivas e ximnasia de Galicia (DOG núm. 134, do 07/07/20), coa actualización das táboas salariais publicadas no DOG núm. 230, do 02/12/22.

Quinto.- Solicitar autorización para a contratación anticipada dun (1) dos postos de traballadores/as desempregados/as solicitados, de conformidade co establecido no artigo 16 da Orde da convocatoria.

Sexto.- Facultar expresamente ao alcalde do Concello para que, na representación desta entidade local, asine cantos documentos sexan necesarios para a efectividade deste acordo.

9.- CONCESIÓN DE TARXETAS DE ESTACIONAMENTO PARA PERSOAS CON MINUSVALIDEZ

A/

VISTA a solicitude presentada por Dona Avelina Arias Pereira (RE núm. 451, do 20/03/23), e a proposta de resolución emitida con data 20/03/23 pola traballadora social do Concello Dona Natalia Salgado Rodríguez, quen acredita o cumprimento dos requisitos establecidos no Regulamento municipal para a concesión da tarxeta de estacionamento para persoas con minusvalidez, aprobado polo Pleno do Concello na sesión celebrada o día 30 de novembro de 2000 e publicado no BOP núm. 41 de data 27/02/01, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, acorda a concesión da devandita tarxeta a favor de Dona AVELINA ARIAS PEREIRA, con DNI núm. [REDACTED] veciña do lugar da Feira, parroquia de Río.

B/

VISTA a solicitude presentada por Dona Hortensia Novoa Granja (RE núm. 452, do 20/03/23), e a proposta de resolución emitida con data 20/03/23 pola traballadora social do Concello Dona Natalia Salgado Rodríguez, quen acredita o cumprimento dos requisitos establecidos no Regulamento municipal para a concesión da tarxeta de estacionamento para persoas con minusvalidez, aprobado polo Pleno do Concello na sesión celebrada o día 30 de novembro de 2000 e publicado no BOP núm. 41 de data 27/02/01, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, acorda a concesión da devandita tarxeta a favor de Dona HORTENSIA NOVOA GRANJA, con DNI núm. [REDACTED], veciña do lugar de Vistuíde, parroquia de San Cristovo do Az.

10.- CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL PARA SUBSTITUCIÓN DE TRABALLADORA EN SITUACIÓN DE BAIXA POR IT

Dáse conta á Xunta de Goberno Local que Dona María Teresa Conde Lorenzo, traballadora laboral do Concello no posto de traballo de auxiliar de axuda no fogar, continúa en situación de baixa por incapacidade laboral (IT), ao ser anulada a alta médica de oficio emitida no seu día polo INSS. Xa que logo existe a necesidade de proceder á contratación urxente dun/dunha novo/a

traballador/a que preste o devandito servizo durante dito período, ao tratarse dun servizo prioritario por mor da atención que presta aos/ás usuarios/as beneficiarios/as da Lei de Dependencia, polo que é preciso proceder a súa provisión temporal inmediata.

O Concello considera que as contratacións propostas non contradín a prohibición de contratación de persoal temporal durante o ano 2023, establecida no artigo 20.Cinco da Lei de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2023, por canto o servizo municipal de axuda no fogar correspóndese cun sector prioritario e que afecta ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, constituíndo a súa provisión un suposto excepcional destinado a cubrir unha necesidade urxente e inaprazable, estando por outra parte financiado pola Consellería de Traballo e Benestar, de conformidade co previsto no artigo 58 do Decreto 99/2012, do 16 de marzo.

O Sr. secretario considera que o posto de traballo debera ser provisto nas condicións legalmente establecidas, atendendo aos principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade, así como ao de publicidade. O Sr. alcalde manifesta que, dada a urxencia da contratación, non se considera aconsellable realizar unha convocatoria pública da mesma, pola demora que ocasionaría no inicio da prestación do servizo. Asemade, constátanse as dificultades coas que se atopa o Concello para acadar persoal cualificado para ocupar estas substitucións ante a ausencia de oferta de candidatos/as coa formación requirida.

Xa que logo, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, a proposta da traballadora social municipal Dona Natalia Salgado Rodríguez, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Autorizar a contratación, como auxiliar de axuda no fogar, mediante un contrato temporal por substitución, ao abeiro do disposto no artigo 15 do Estatuto dos Traballadores, da seguinte traballadora:

- ✓ CHAIMA EL GZOULI, con NIE núm. ██████████, a tempo completo (37,5 horas/semana), durante o tempo que dure a situación de baixa laboral por IT da traballadora María Teresa Conde Lorenzo.

Segundo.- Facultar ao alcalde para que asine cantos documentos sexan necesarios para a efectividade deste acordo.

11.- FACTURAS E PAGOS

Por unanimidade dos membros da Xunta de Goberno Local, apróbanse as seguintes facturas e pagos:

- PALOMO S.C. 132,00 €
Por xantar institucional da Alcaldía, s/factura núm. 201.
- HOSTAL CARPINTEIRAS S.L. 118,80 €
Por xantar institucional da Alcaldía, s/factura núm. A/55.
- SERTECO-OR S.L. 95,70 €
Por subministro de tinta para impresoras, s/factura núm. 23A398 (FACe).
- COMERCIALIZADORA REGULADA GAS & POWER S.A. 11.970,34 €
Por consumos de enerxía eléctrica no Concello no mes de febreiro de 2023, s/recibos.
- NATURGY IBERIA S.A. 11.071,03 €
Por consumos de enerxía eléctrica nas dependencias municipais no mes de febreiro de 2023, s/recibos.
- TELEFÓNICA DE ESPAÑA S.A.U. 17,40 €, 69,39 € E 74,29 €
Por consumos de telefonía fixa, s/facturas núm. TA73D0001180, TA73D0001198 e TA73D0001199 (FACe).
- PALOMO S.C. 55,00 €
Por xantar servido a traballadores da brigada municipal de obras, s/factura núm. 200.
- JORGE OJEA MATO 79,56 €
Indemnización por asistencia a Tribunais e/ou Comisións de Selección de persoal, s/minuta.
- JOSÉ MARÍA NOVO RAMOS 79,56 €
Indemnización por asistencia a Tribunais e/ou Comisións de Selección de persoal, s/minuta.

- FRANCISCO LORENZO EIRIZ 73,44 €
Indemnización por asistencias a Tribunais e/ou Comisións de Selección de persoal, s/minuta.
- JOSÉ ALBOR GONZÁLEZ 36,72 €
Indemnización por asistencia a Tribunais e/ou Comisións de Selección de persoal, s/minuta.
- CONSULTORÍA ICAL S.L. 3.194,40 €
Por abono parcial do contrato de servizo para a actualización, informatización e peche contable do exercicio económico 2022, s/factura núm. 2023.005.
- ANA MARÍA GARCÍA MAYO 272,25 €
Honorarios por redacción de informe técnico de valoración da proposición presentada na licitación de obra incluída no Plan Concellos 2022, s/factura núm. 02_23.
- PARDO Y ASOCIADOS INGENIEROS, ARQUITECTOS, CONSULTORES S.L. 1.028,50 €
Honorarios por redacción de proxecto técnico de obra de *“Mellora dun tramo da cuberta do Centro Cultural Municipal”*, s/factura núm. 23/003/IND.
- QUAVITAE SERVICIOS ASISTENCIALES S.A.U. 82,10 €
Por prestación do servizo de teleasistencia domiciliaria a usuarios do Concello no mes de febreiro de 2023, s/factura núm. 23ZNX0026572 (FACe).
- SOCISER GALICIA S.L.U. 4.906,20 €
Por prestación de servizos de axuda no fogar, modalidade de dependencia, no mes de febreiro de 2023, s/factura núm. A35 (FACe).
- MARCOS GARCÍA VILLANUEVA 3.317,89 €
Por diversos traballos de reparacións eléctricas no alumeadado público municipal, s/factura núm. 16.

- JAIME RODRÍGUEZ JORGE 95,59 €
Por diversos traballos realizados na Casa do Concello, s/factura núm. 16/23.
- JAIME RODRÍGUEZ JORGE 505,78 €
Por diversos traballos de reparacións eléctricas no alumeadado público do Concello, s/factura núm. 15/23.
- MANUEL LEDO GARCÍA 76,45 €
Por subministro de sal para estradas municipais, s/factura núm. A/79.
- CONSTRUCCIONES VENCE VÁZQUEZ S.L. 2.904,00 €
Por traballos de acondicionamento de rúas e camiños municipais nos lugares de Saa e Quintá, s/factura núm. 2023-5 (FACe).
- PARDO Y ASOCIADOS INGENIEROS, ARQUITECTOS, CONSULTORES S.L. 1.042,69 €
Honorarios por redacción de proxecto técnico de obra incluída no FCA 2023 (concorrenza competitiva), s/factura núm. 23/006/IND.
- PARDO Y ASOCIADOS INGENIEROS, ARQUITECTOS, CONSULTORES S.L. 861,47 € E 884,67 €
Honorarios por redacción de proxectos técnicos de obras incluídas no FCA 2023 (concorrenza non competitiva), s/facturas núm. 23/004/IND e 23/005/IND.

E non tendo máis asuntos que tratar, o Sr. alcalde-presidente dá por rematada a sesión, sendo as nove horas, da que como secretario, estendo a presente e certifico.

O secretario,
(*sinatura dixital*)

O alcalde,
(*sinatura dixital*)